



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 13 DE  
OUTUBRO DE 2011**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** EXTRAORDINARIA URXENTE      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA  
Concelleiro  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

FALTA

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro do PS de G - PSOE

SECRETARIO EN FUNCIONES

D. ROGELIO A. CARRERA ARES

INTERVENTOR EN FUNCIONES

DON LUIS LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día trece de outubro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**PARTE RESOLUTORIA**

1º.- PRONUNCIAMENTO E, NO SEU CASO, APRECIACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2º.- DITAME DA COMISIÓN MUNICIPAL INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DO 11-10-11, RELATIVA Á APROBACIÓN PROVISORIA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

\*\*\*\*\*

**PARTE RESOLUTORIA**

**1º.- PRONUNCIAMENTO E, NO SEU CASO, APRECIACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.**

*Sr. Blanco Carracedo (do PP): Tal e como se explicou na Comisión Informativa de Facenda, a urxencia é para tratar de aprobar esta modificación da Ordenanza de Bens Inmobles e poder así incorporala ao Orzamento do 2012.*

*Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): Como xa adiantamos na comisión, nós consideramos que este asunto traelo a este Pleno é unha desfachatez porque hai 5 días que tivemos un Pleno ordinario, fala moi pouco da xestión do goberno, son 5 días dende o Pleno ordinario, tendo en conta tamén que ían cousas da Comisión de Facenda ao Pleno pasado, polo que consideramos que non é urxente por este aspecto, posto que hai cinco días houbo un Pleno e que haberá outro Pleno este mes por motivo das eleccións, polo tanto o noso voto vai ser en contra da urxencia.*

*Sr. Magariños Maceiras, (do BNG): Como dixemos o outro día na comisión, como dixemos que se fose moi urxente este Pleno puidose ter debatido no Pleno pasado, si podemos coincidir co grupo popular en que necesita un trato especial este tema, pero cremos que si se puido ter traído ao Pleno pasado este tema.*

Sometida a consideración do Pleno do Concello a urxencia da convocatoria é aprobada por maioría de once votos a favor (PP) e nove en contra (PSdeG – PSOE e BNG).

**2º.- DITAME DA COMISIÓN MUNICIPAL INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS DO 11-10-11, RELATIVA Á APROBACIÓN PROVISORIA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

*Sr. Alberto Blanco Carracedo (do PP): Esta modificación, baséase na necesidade que ten este concello de manter os servizos que presta a todos os cidadáns, que son dun elevado custo e que tal e como está a situación económica actual é imposible de manter. Por exemplo os servizos sociais que consumen 1.300.000 € dos Orzamentos deste Concello do que o Concello ten que achegar directamente 700.000 €. Por outra parte a necesidade de acometer algún tipo de investimento. Cales son as causas que fagamos esta proposta?. Pois nun principio apoiándonos nos informes reiterados da Tesourería e da Intervención que nos incitan a facelo. Existe unha diminución nos ingresos do Estado de 1.200.000 € respecto ao 2010, hai que devolver 1.000.000 € no prazo de 5 anos por exceso de achegas dos anos 2008 e 2009, consumíronse todos os remanentes que había de Tesourería, tres millóns case en dous anos, no último ano 1.438.000 € que existían de remanentes non só foron consumidos, senón que o remanente arroxou un importe de 114.000 € negativos, co cal pecha a posibilidade de acudir a todo tipo de préstamo. Pero por que collemos o IBI?. Ben, porque é o imposto dos que xestiona o Concello que paga máis o que máis ten, podemos falar.*

Prodúcese moito ruído no público.

*Sr. Alcalde: Por favor, imos intentar levar da mellor forma posible esta sesión plenaria, eu creo que debemos intentar expoñer da mellor forma os nosos motivos, os nosos criterios, por certo o público asistente ten dereito a escoitar e dende logo a manifestar o que entenda oportuno, pero imos intentar que a sesión plenaria transcenda con normalidade, iso é o fundamental e é a obriga que eu teño como presidente e alcalde deste Concello facer cumprir esa obriga e que cada un dos concelleiros que estamos representados aquí poidan facer o seu traballo con normalidade e total corrección, polo tanto pido por favor e aviso a primeira vez que teñan tranquilidade, que escoiten e que se se queren manifestar ou facer algunha manifestación ao finalizar esta sesión plenaria poden facelo e están vostedes no seu lexítimo dereito de facelo. Siga Sr. Blanco.*

*Sr. Alberto Blanco Carracedo (do PP): Estaba explicando por que motivo se escolleu o IBI, pode ser que no seu momento existise sobrevaloración dalgúns ou moitos bens inmobles, pensamos que co transcurso de 14 anos da Ponencia esa sobrevaloración estaría mitigada e na maior parte dos casos, se existise algún caso en que estivese actuando esa sobrevaloración este grupo de goberno vai poñer a disposición de quen así o requira, un punto de información catastral onde se lle apoiará a defender os seus dereitos e recorrer esa sobrevaloración. Tamén consideramos que neste momento de crise económica pode haber moita xente que lles afecte de forma importante esta subida, polo cal tamén este Concello no momento do devengo do imposto pon á súa disposición todos os medios e incluso se podería establecer unha revogación do dito imposto.*

*Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE): O motivo que nos trae aquí é sobradamente coñecido por todos os veciños e veciñas da Estrada, porque no seu día todos lembraremos que houbo unha mobilización social que fixo que todo o mundo reparase nesta situación.*

*Hoxe preséntase esta situación, e diciámolo na comisión, preséntase e propónse dende o grupo de goberno unha subida cando non cambiou o que no 2004 motivou aquela situación, aquel acordo plenario, este imposto baséase nunha modificación catastral que dende logo non foi modificada, e se miramos o que saíu daquelas reunións e comisións, todos os grupos estabamos de acordo en que a valoración catastral estaba mal de que había erros e sobrevaloración e que polo tanto a aplicación do 0,4% aos inmobles urbanos e o 0,3% aos inmobles rústicos nalgúns casos estaba viciada por un erro de valoración. Varios anos despois propoñer isto é facer valer o que no seu día estaba recoñecido por todos que era un erro, que estaba mal polo tanto unilateralmente o goberno actual propón esta subida en tres días, sen dereito a que os cidadáns poidan obter toda a información e ao fin e ao cabo vai repercutir sobre os seus petos, con data 1 de xaneiro propónse que esa modificación de valores entre en vigor, polo tanto vai ter unha repercusión directamente dos nosos veciños e veciñas, polo que consideramos que debe dar lugar a un maior debate, a un estudo entre todos para intentar evitar un problema social aos nosos veciños, pois non se nos debe esquecer que vostede dicía pagan máis os que teñen máis, pagamos máis todos Sr. Blanco, e escoitabamos dicir ao voceiro da oposición na lexislatura pasada que nestes momentos de crise hai que estar ao seu carón, unha e outra vez nos dicía que dende o Concello debíamos estar ao seu lado e hoxe e pola porta de atrás vense aquí a dalgún xeito, coas maiores caras e risas dicirlles si pero para o ano ímosvos cobrar máis. Ímosvos cobrar máis e xustificábo dicindo que hai que prestar servizos, pero é que eses servizos xa se veñen prestando e véñense prestando e todos os gobernos anteriores prestaron servizos sociais, axuda e domicilio e todos sufriron que non era un servizo que se financiaba por si mesmo, o lixo nunca se financiou por si mesmo e houbo que poñer parte do orzamento municipal igual que os servizos sociais, polo tanto non podemos xustificar hoxe unha subida que hai uns anos o pobo da Estrada parou porque estaba mal adoptada. Ademais se vostede mira os acordos adoptados e vostede alegremente poñemos supresión, fálase que se procede a reducir a cota do IBI ata que se produza unha nova ponencia de valores, que no seu día se vinculou á execución dun novo Plan Xeral, e polo tanto se todos estamos a traballar por un novo Plan Xeral como dicía o Sr. Alcalde en campaña que ía sacar adiante un de xeito máis inmediato posible, por que hoxe estamos levando adiante unha imposición aos veciños sobre unha ponencia de valores que o pobo da Estrada coincidiu en que estaba mal, que había erros, polo que parece rirse dos veciños da Estrada dicindo que imos ter un novo Plan Xeral, sabemos que as confianza do goberno non é moito para iso pero que cando se aproba un plan xeral se vai modificar a ponencia de valores e se vai modificar iso, entón isto xa parece a casa tócame Roque, é dicir se hai un acordo polo que se di que cando haxa unha nova ponencia de valores isto se vai a modificar porque se fai agora. Xa se viñeron prestando eses servizos antes, todos os gobernos anteriores tiveron que buscar fondos por outros lados e o xeito non é atracando aos nosos veciños, o xeito é pelexando diante doutras administracións e facendo valer a importancia do Concello da Estrada que para iso nas eleccións municipais se escolle un goberno, para que faga valer á Estrada. Entón dende logo o que non se escolle e non se dixo en ningún momento entre as grandes promesas que se fixeron dende o grupo de goberno nas eleccións foi subir os impostos aos veciños, e nestes catro meses que levan de goberno o único que vimos é que lles sube os impostos aos veciños, que realiza contratos con informes desfavorables que se din en flagrante ilegalidade de fraccionamento de contrato público e que o único que lles di aos seus veciños é que nas fotos todo vai ben, tiramos para adiante, pero o que están vendo os nosos veciños non é iso, están vendo como en tres días de repente se lles sube un imposto que insisto, non van pagar os que máis teñen, imos pagar todos. Por iso os do noso grupo estamos en contra, porque non é o xeito de facelo, non é o momento, todos estamos a sufrir nas familias, todos somos conscientes e creo que existe acordo por parte de todos de que non é o momento de facer isto e terceiro, se estamos agardando a que haxa un plan xeral, agardemos e traballemos unidos para facer iso, polo tanto dende logo o noso grupo votará en contra desta subida de impostos.*

**Sr. Magariños Maceiras, (do BNG):** Podiamos enfocar esta discusión sobre a supresión da bonificación do IBI dende dous puntos de vista, un técnico e outro político. Eu vouna enfocar dende os dous, porque non hai que esquecer que o conflito do IBI xorde dun conflito político que tivo que ver da maneira con que se aprobou a ponencia de valores actual, que podiamos definir unilateral e algo escura, o que non permitiu que se lle dese cabida ao que

di o art. 65 da Lei reguladora de facendas locais: “a base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación” ningún veciño da Estrada e veciña tivo esta posibilidade de exercer un dereito que lles dá a lei, motivado por unha decisión política, unha decisión política que tamén levou a que este Pleno aprobase cos votos a favor só do BNG dunha bonificación que corríxese unha sobrevaloración dos bens inmobles dos veciños/as da Estrada. Outra decisión política que leva a que os Concellos teñan que levar a cabo decisións que non son as máis axeitadas para os intereses dos veciños cando poderían tomar outras máis axeitadas podémolas apreciar na actual reforma da Constitución que impide aos concellos endebedarse. Se ben é certo que efectivamente hai administracións públicas e concellos en particular que teñen un nivel de endebedamento insostible, non é este o caso da Estrada. Tal e como falabamos na comisións, se o criterio contable co que se elaborou a liquidación da presuposto o ano pasado, non sería negativo, isto enmascara un pouquiño a situación económica do Concello, pero pon ás claras que estamos nunha situación preocupante pero non alarmante, hai outras decisións políticas que se tomaron ao longo destes anos poderían ser máis ou menos atinadas. Unha das que non foi nada atinada foi a aprobación no Pleno do ano 2008 no mes de novembro, onde este Concello estaba formado por catro grupos políticos, que neste momento están representados no Concello, se ben actualmente somos tres pero podemos considerar que un deles está diluído noutro grupo, como foi a decisión de dedicar o remanente positivo de 1,3 millóns de € a gastalo. Lembrar tamén que o único grupo político que quixo dedicar este remanente a aforralo foi o BNG o resto dos grupos votaron porque este remanente se gastase; outra decisión política que é a que nos trae hoxe aquí é a de suprimir esta bonificación e en vez de estar discutindo esta decisión política estaríamos e deberíamos estar discutindo sobre outras alternativas, como podería ser modificación de partidas orzamentarias, redución no orzamento de cara ao vindeiro orzamento ou creo que nos gustaría a todos que sería estar discutindo como vai quedar o Plan Xeral de Ordenación Urbana da Estrada que nos vai permitir elaborar unha nova ponencia de valores que reflectan os valores reais dos cidadáns, porque o resto sería aprobar unha inxustiza, pois se ben todo mundo ten que pagar polo que ten, debe pagar polo que realmente ten, e se unha persoa ten 10.000 m<sup>2</sup> en propiedades urbanas, terá que pagar polo valor real dese chan, e non pagar un 30% máis, ten que pagar polo que realmente custe, o mesmo que terá que pagar unha persoa que teñan un ben de 500 m<sup>2</sup>, polo que realmente vale, non por valores que están fóra da realidade do mercado. E poderíamos ir tamén á discusión técnica de porque non se debe suprimir esta bonificación. Escoitábase estes días na prensa que concellos do tamaño da Estrada estaban pagando unha taxa impositiva maior, teñen unha taxa impositiva maior porque o coeficiente que se lles aplica é o máis alto, A Estrada ten o máis baixo que permite a lei, e aínda así a diferenza de custe non é tan baixo, por exemplo o Concello de Vilagarcía tributa nun 0,53%, de aplicarse ese mesmo tributo aos valores inmobiliarios que temos na Estrada, incrementaríase un 30% o noso recibo; Lalín un 0,45%, Marín un 0,45% e A Estrada un 0,40%. Se aplicamos esta taxa impositiva aos valores catastrais da Estrada darían unhas cifras desorbitadas, pois estámola aplicando a valores que non son reais non son valores de mercados, se aplicamos os respectivos coeficientes que aplica Catastro aos valores de mercado, se facemos á inversa e ao valor de mercado que aparece no noso recibo lle aplicamos o valor de Catastro creo que algún diría, ben pois eu vou vender o meu piso, se hai alguén que mo pague loxicamente. Falábase aquí tamén que é unha ponencia de valores de hai 14 anos e que esta sobrevaloración mitigaríase, lembrarlle que a Lei de acompañamento de Orzamentos do Estado fixa o incremento anual destes valores catastrais e se nos facemos as referencias dende o ano 1996 ao 2011 teríamos uns incrementos catastrais do 29% dende o 2002 dun 14%, ousexa que esta sobrevaloración non está mitigada. Se ademais temos en conta que cando se realizou o estudo que encargou o Concello para determinar cales son a realidade desta sobrevaloración e o estudo dicía que despois de dez anos os valores da ponencia son superiores aos do mercado actuais. Se ademais disto, que era do 2004 creo lembrar, temos en conta a devaluación do mercado inmobiliario destes últimos anos polo estoupido da burbulla inmobiliaria e como os prezos de mercado baixaron, sen chegar á realidade do país, non se xustifica esta anulación da bonificación porque os valores dos bens inmobles seguen elevados. Falábase tamén de que ía haber a posibilidade de que aquelas situacións que se vise que non se podía pagar este valor se miraría o xeito de que estivesen exentas. O artigo 9 das ordenanzas que regulan o IBI non dá cabida a este tipo de supresións, a única

*supresión que hai é unha redución para familias numerosas onde a renda per cápita non é superior aos 3.500 €, reducións a promotoras urbanísticas do 90% en vivendas de protección oficial do 50% durante os 3 primeiros anos e durante os tres seguintes do 25% e creo que tamén había algo de vivendas históricas. A única maneira de que o Concello aplique o supresión do IBI é que unha vez que vaia á vía executiva, non exercela, pero as ordenanzas non regulan esta situación. O IBI non é un imposto relacionado coa renda senón un imposto relacionado cun determinado ben. Se se lle introducise un coeficiente corrector en función da renda, si estaríamos falando dun imposto progresivo, paga máis quen máis ingresa ou quen máis ten. Aquí paga o mesmo podemos poñer o exemplo un edificio familiar, tres pisos, o valor dos tres pisos é o mesmo, que nun dos pisos vivise un matrimonio novo, sen fillos, ingresos 6.000 € ao mes, segundo piso unha viúva terceiro piso un enfermos, pagarían os tres exactamente o mesmo polo piso, pero o nivel de ingresos é diferente, non hai xustiza distributiva neste aspecto, non está vinculado ao nivel de renda, senón ao valor da superficie. Por iso insistimos dende o BNG que mentres non cambie e a situación, mentres non se modifique a ponencia de valores non ha lugar a suprimir a bonificación porque estaríamos cometendo unha inxustiza, é normal que cada quen pague polo que ten, pero polo que realmente vale o que ten non por valores que están mou por riba dos valores de mercado.*

**Sr. Alberto Blanco Carracedo (do PP):** *Estase falando por un lado de que non existen modificacións das condicións. A Ponencia de Valores é do ano 1997 se non me equivoco, hai 14 anos, non imos falar do valor inmobiliario, do crecemento dos solares, dos pisos, que hai que sacar o PXOM dende logo que si, falan da Ponencia de Valores, vostedes saben que ten moita presión, eu non teño moita presión niso porque en Lalín duplicou o prezo do recibo do IBI. Está falando vostede de Vilagarcía de Arousa, datos hai un montón deles, por un lado o tipo impositivo, A Estrada ten o tipo impositivo do 0,4% que é o mínimo legal sen aplicar a bonificación, a partires de aí ten vostede concellos como Vilagarcía o 0,53%, Lalín o 0,45%, Vigo 0,75% e agora imos ao noso.*

(ruído no público)

**Sr. Alcalde:** *Eu pídolles o mesmo respecto que teñen para os demais voceiros se é posible e fan o favor e terán tempo vostedes despois no Pleno de manifestar as súas opinións, creo que se está desenvolvendo o Pleno con debate e de confrontación de ideas que ao final é para o que son os Plenos para confrontar ideas entre partidos políticos, eu agradezo moito que todos estean presentes para confrontar e debater opinións, paréceme positivo e razoable que estean pero pídolles que faciliten o normal transcurso da sesión plenaria par que cada quen poida expoñer os seus argumentos de forma coherente e no mellor dos ambientes e a partires de aí despois xa saben vostedes que son os veciños da Estrada e son os que cada catro anos depositan os seus votos nas eleccións municipais, polo tanto ten a palabra o Sr. Blanco de novo.*

**Sr. Alberto Blanco Carracedo (do PP):** *En canto ao que son os valores catastrais, se vostede consultou a páxina do Catastro os valores catastrais medios da provincia de Pontevedra A Estrada ten un valor de 26.294 de valor medio catastral, podemos comparar con outros, Caldas de Reis ten 30.500, O Grove 31.000, Sanxenxo 39.000 pero Redondela 48.000, por debaixo da Estrada só están Marín con 21.000, Cuntis 17.000, Cambados practicamente igual, Porriño non que xa está por riba, entón de que non existen modificación de condicións iso penso que é xa non discutible senón palpable dos datos que hai nas estatísticas, pero eu se tratei de sacar adiante esta modificación que non é prato de bo gusto, estabamos máis tranquilos, pero facemos un exercicio de responsabilidade. A causa é a situación económica do Concello e esta xestión foi debida á xestión do bipartito, eu non quería entrar nisto. Os que coñecen os datos e os membros tanto do BNG como do PSOE acaban de saír hai catro meses deste Concello e coñecerán os datos, saberán que no 2008, a pesares de que vostedes din que no 2008 votou en contra do uso dos remanentes, no 2008 acabaron con 2.682.000 € de remanentes de Tesourería que a día de hoxe no prazo de dous anos baixaron a 114.000 €, estamos falando de 3 millóns de euros que non hai, isto todo tendo uns orzamentos douscentos millóns de pesetas máis altos que os que imos ter este Concello que non é o PP que é este Concello, douscentos millóns de pesetas menos, con iso*

*temos que facer os axustes, a Festa do Salmón a última non a fixen eu, correspondeulle ao bipartito e se quere as contas ímolas ensinar porque son para ver a América o último alcalde que foi non fun eu.*

*Por que motivo o que nos aboca a isto é a situación económica, porque vostedes saberán o último concelleiro de Facenda foi do voso partido e tiña que saber o que facían os seus socios de goberno ou se non o sabían malo, ou non sei, vostedes e o PSOE deben saber o que supoñen os custos dos servizos que dende logo non se trata de que isto sexa rendible, isto non é unha empresa, hai que dar os servizos aínda que non sexan rendibles, pero hai que mantelos e imos seguir manténdoos ou podemos facer o contrario dicir que non imos prestar servizos sociais e que non fai falta, moito máis, deixamos de darlles axudas aos dependentes, asistencia da domicilio, viaxes do IMSERSO, todos esa política pódese suprimir, pero supoño que como din de sempre os libros, a política social sae da esquerda e eu digo que non que é de todos dos que fomos elixidos para xestionar é o que estamos tratando de facer, pero para poder facer isto, temos que ver os recursos que temos. Tal e como quedou o resultado contable, que non podemos pedir préstamos, non se pode investir un peso neste pobo, dende logo que sei que é un sacrificio para todos, non só para os que máis teñen, os que máis solares ou vivendas teñan terá que pagar máis e a uns vailles supoñer máis ca outros e repito si vai haber medidas para xente que teña moitos problemas para pagar e non o contempla a Ordenanza senón a Lei xeral tributaria que admite a revogación que é un instrumento que foi estudado no seu momento que se pretendía facer unha revogación xeral e que non o permiten as leis, para iso encargóuselle no seu momento a un catedrático de dereito financeiro, segundo se pode ver nos antecedentes daquela política do seu momento. Pódese facer unha revogación singular caso por caso e de oficio polo órgano recadador e entón se alguén ten ese problema dende logo este Concello vaino facer e digo este concello porque non é este grupo de goberno, porque aquí estamos todos no mesmo barco e entón ou saltamos pola borda e botamos a correr todos ou asumimos a responsabilidade que nos toca por estar onde estamos.*

**Sr. Alcalde:** *Soamente quería recordarlles ao público asistente e algunha persoa parece mentira despois dos anos que estivo neste Concello que non o saiba aínda pero voulo recordar para refrescarlle a memoria que deben intentar deixar desenvolver o Pleno coa maior normalidade posible. Normalmente os que máis tempo estivesen nesta casa deberían dar exemplo, pero como adoita ser o mundo ao revés parece ser que é xusto ao revés do que debía ser, polo tanto creo que é xusto que deixen desenvolver o Pleno con normalidade, creo que todos temos as nosas explicacións e o noso que dicir e dende logo xa lles dixen antes que teñen outro foro onde dicir as súas opinións particulares que non sexan neste foro. Este foro é un foro de debate da Corporación Municipal entre os 21 concelleiros que forman parte dela, polo tanto pídolles por favor, o pobo ten que expresarse cando se ten que expresar e neste momento o Regulamento da sesión plenaria di claramente que non se pode interromper ás persoas que están no uso da palabra, que non se poden facer manifestacións públicas neste momento, iso é así e creo que o entende calquera, por iso lles pido e lles rogo unha vez máis que teñan paciencia e que escoiten e que saquen as súas propias conclusións.*

**Sra. Louzao Vieitez (do PSdeG – PSOE):** *Neste debate estamos a escoitar moitas cousas algunhas delas interesantes e outras a verdade deixan moito que desexar, algunhas delas escoitamos que estamos todos no mesmo bando. Certo o Pleno está sempre do mesmo bando, pero está do mesmo bando para estar ao lado dos veciños, diciámolo antes, está do mesmo bando para defender os intereses da Estrada, non para romper acordos entre os partidos, que hai xente aquí que se vemos as fotos dos encerros e de anteriores plenos, vemos ao lado do anterior alcalde que polo tanto deben saber claramente o que se acordou que está expresado na ordenanza que sería facer unha nova ponencia de valores cando se teña un plan xeral e polo tanto como xa dixemos antes e non imos redundar nos argumentos, sería daquela o momento de cales son os valores reais e aplicar o coeficiente que corresponda. Non é o momento agora, polo que xa dixemos antes pero non imos repetirnos unha e outra vez porque creo que é sobradamente coñecido. Ademais escoitamos que nun exercicio de responsabilidade se nos dicía imos subir os imposotos. Un exercicio de responsabilidade non é subirlles os impostos aos veciños, un exercicio de responsabilidade non é facer este atraco premeditadamente con alevosía e nocturnidade se me descoido. Un exercicio de responsabilidade é se se di que hai investimentos loitar por conservalas, non*

rexeitalas, un exercicio de responsabilidade non é mentirlles aos veciños dicindo que se deben 3 millóns de euros cando é totalmente falso, nin dicir que o Concello está en bancarota cando non é correcto, pois dicíao o BNG hai un momento no Pleno pasado falamos que coa modificación da contabilidade o exercicio sería totalmente distinto, polo tanto non se pode falar de responsabilidade cando se está danando tan seriamente. Ademais un exercicio de responsabilidade é dicir que se estamos nun momento de crise que hai que apertarse, perfecto pois reduzamos onde se poida reducir, pero non eliminemos cousas ao azar, non eliminemos servizos que en moitas cousas e casos os propios veciños colaboraron para poñer en marcha, creo que é suficientemente claro o que estou dicindo. Ademais un exercicio de responsabilidade tamén é que cando hai algo consignado nun orzamento levalo adiante, non deixar de executar partidas orzamentarias que non se sabe onde van eses fondos e continuar falando de bancarota, é dicir non continuar pagando aos provedores. Está moi claro efectivamente vostedes chegaron e había unha partida orzamentaria para poñer o solo da gardería infantil e iso executouse, pero tamén había partida orzamentaria para outras moitas cousas que non se están levando a cabo e díganme vostedes o que queiran porque as cousas están aí e o Orzamento Municipal é un documento público e foi aprobado e debatido neste Pleno, polo que non falemos de responsabilidade cando vimos aquí argumentar que coa débeda que se está creando, como hai unha liquidación negativa temos que subir os impostos. Pero entón estanme dicindo vostedes que se van ter un resultado positivo, que por iso están facendo estes recortes de servizos este ano, entón para que quere subir unha subida de imposto, non veñamos aquí dicir que somos responsables cando despois estamos mentindo e enganando aos veciños non veñamos aquí polo tanto botarlle a culpa ao goberno anterior como escoitaremos supoño ao final deste Pleno porque as cousas son clarísimas e se repiten unha e outra vez e podo apostar algo que ao final escoitaremos unha brillante conclusión ao respecto, pero o que está claro é que o goberno municipal saen dunhas eleccións, os cidadáns escollen un goberno para que saquen cousas adiante e os gobernen, non para que lles suban os impostos, polo tanto este non é o camiño, este non é o xeito e insisto non é o momento de atracar aos veciños, nin de facer as cousas máis difíciles e moito menos dende unha administración próxima ao cidadá e que sabe como é a realidade dos nosos veciños.

**Sr. Magariños Maceiras, (do BNG):** Como dicía antes non estamos ante unha situación alarmante que xustifique que tanto os veciños do rural como os da vila teñan que ver como aumentan os impostos que pagan anualmente. Falábase aquí que o déficit de caixa son 114.000 €, se temos en conta que unha das xenialidades que se aproban en Madrid foi a redución por termo medio dun 5% nos salarios que cobran os funcionarios das administracións públicas, lembrarlles que este importe ten que ir obrigatoriamente a sanear contas a este remanente de caixa negativo, co cal estaríamos falando dun remanente de caixa negativo de 30.000 € creo que o Concello da Estrada, falar de que estamos nunha situación de debacle absoluta cun saldo de caixa de 30.000 € negativos non é esa a cuestión, como ben dicía a voceira do PSOE a Sra. Louzao, os demais tamén tivemos, porque si me responsabilizo das decisións que tomaron os meus compañeiros de goberno, eu nunca digo eran outros tempos eran outras persoas, eran os meus compañeiros de partido e corresponsabilízome das súas decisións. Tivemos que gobernar cunha situación de crise económica e houbo que facerlles fronte a certos investimentos sabendo o que implicaba. Os cidadáns escóllennos para que xestionemos con poucos recursos, iso era a ciencia da política, xestionar o escaso, se sobrase todo non seríamos necesarios os políticos porque viviríamos na abundancia e non habería problemas de xestión da cousa pública, porque o poderíamos solucionar, pero esa non é a realidade que é que hai que xestionar con recursos escasos. Se os recursos son escasos a solución no é aumentarlle os impostos que lles cobramos aos cidadáns, pois haberá que facer un plan de axuste, pois se a cousa está tan mal, onde se trouxo a este Pleno o plan de axuste para este Concello. Unha das condicións que poñía o ICO no acordo que tomamos no pleno pasado era elaborar un plan, que non era exactamente de axuste, non me lembro a palabra pero para ver que se podía facer fronte a este crédito. Non están estes plans de aforro enriba da mesa, non sei se o grupo do PP ou o socialista o viu, dende o logo o grupo do BNG non viu este plan de axuste a aforro que permita axeitar a realidade do Concello á realidade económica non vou dicir mundial, porque non é mundial, zonal por chamalo dalgunha



*maneira, entón mentres non vexamos este plan de axuste e que se está por redactar un plan xeral e redactar unha nova ponencia de valores isto non ten cabido porque repito non é de recibo que teñan que pagar os veciños da vila e o rural cando non se modificaron as condicións polas que se creou esta bonificación.*

**Sr. Alcalde:** *Creo que o asunto está suficientemente debatido, e incluso nestas últimas intervencións nos reiteramos un pouco no mesmo, eu creo que as posturas están claras pero de todas formas creo que está ben facer algunha reflexión. A situación económica actual eu creo que é moi delicada, todas as administracións viven un dos peores momentos da súa historia, viven unha gran carga de servizos, posiblemente os concellos sexamos o irmán pobre de toda esta estrutura, cada vez cargámonos de moitas máis responsabilidades e cada vez con menos recursos, os concellos teñen situacións realmente complicadas á hora de poder encaixar os seus orzamentos, eu non quero entrar en valoracións, hai algunha imprecisión, por exemplo a situación económica do Concello non é boa. Eu recoñecín publicamente que houbo un informe de Tesourería que falaba dun informe de 2.800.000 € e tamén dixen publicamente que a débeda real son 1.850.000 €, son cantidades que poñen os pelos de punta, e o feito que o acredita é que cada vez son máis os provedores que chaman ao Concello para saber cando se lles van pagar as súas facturas, facturas de orzamentos que están totalmente esgotados antes de entrar nesta lexislatura, que non teñen un só euro dispoñible para poder pagar facturas comprometidas antes do mes de maio de 2011 o que é tremendamente grave. No que respecta ás condicións dende o ano 2004, eu participei naquel goberno do PP, e creo que podemos recordar pois algún dos que está aquí tamén estivo, eran escenarios onde había un gran incremento de recadación de tributos onde o Concello cada ano tiña máis na recadación de tributos do Estado, onde se chegaron a recadar máis de 4.300.000 € por parte da Administración Central por parte de Tributos do Estado e onde ademais cada final de ano o remanente, é dicir a liquidación final deses impostos era positiva, é dicir que ao Concello lle ingresaban 4.300.000 € e ao final do ano aínda o Estado nos dicía que nos correspondía máis diñeiro ca ese, e iso dábanos para complementar a través dos remanentes os gastos nos exercicios seguintes, e iso era un incremento no exercicio económico que cando o vento viña a favor nos permitía tapar determinadas deficiencias estruturais que tiña o Concello da Estrada. Hoxe en día o Concello da Estrada ten un custo no Plan Concertado, que é o que engloba todos os servizos sociais, estalle custando ao Concello aproximadamente 1.300.000 € e estamos recadando 600.000 € doutras administracións e do que pagan os particulares. Cando falamos da recollida de lixo, estamos pagando 1.000.000 € e os contribuíntes están pagando 650.000 € temos un déficit de 350.000 € na recollida de lixo, temos un déficit de 250.000 € no servizo da auga, temos un déficit de 200.000 € no servizo da rede de sumidoiros, temos unha recadación ou temos un custe na EIM de 300.000 € ao ano e estamos recadando 80.000 € esa é a situación real do Concello da Estrada. Antes como se podía soportar ese custo?, a base dos ingresos que nos facía o Estado e a Xunta de Galicia, que compensaban esas diferenzas pero que situación temos hoxe, exactamente a inversa en vez de 4.300.000 € temos 3.000.000 € en vez de ter unha liquidación positiva que nos permita ter un colchón a final de ano temos unha liquidación negativa, que quere dicir que o Estado no ano 2010 nos reclamou 500.000 € que ingresara a maiores correspondentes ao ano 2008 e que esta ano nos reclama outros 480.000 € correspondentes ao ano 2009 temos 1.300.000 € menos de ingresos do Estado todos os anos e por riba temos que devolver 1.000.000 € a maiores do que ingresou cando gobernaba o bipartito no Concello da Estrada nos anos 2008 e 2009, iso non é un cambio nas condicións eu creo que é un cambio substancial, e por riba somos o único Concello de España que ten bonificado o IBI e segundo os datos que obran no propio documento do Ministerio temos un valor medio catastral a data do ano 2010 coas actualizacións catastrais doutros concellos, por poñer un exemplo Caldas de Reis ten 29.280 €, Meaño ten 30.000 € de valor catastral, por exemplo Mondariz ten 44.000 €, Nigrán ten 42.000 € ou Oia ten 43.000 € ou Porriño ten 30.000 € ou Pontearreas 32.000 € e A Estrada ten 27.000 €, temos un valor catastral que ese posible incremento que o puido haber no ano 2004 e do que eu son partícipe ademais de que puido ter existido, púidose ter corrixido co paso dos anos e respondía a unha situación excepcional e cunha situación atípica xeran unha bonificación liñal a todos os propietarios do IBI cando lles corresponde ao Concello da Estrada é cobrar como mínimo o 0,4 %, a partires de aí sitúanse todos os concellos de España a partires do 0,4% e a gran maioría por riba do tipo mínimo por iso creo que foi unha medida acertada*

no seu momento cando a situación económica cando había unha situación de bonanza económica e había diñeiro suficiente para poder compensar esa perda de ingresos, hoxe en día no ano 2011 a situación é moi diferente. Que digan que é un exercicio de irresponsabilidade que é un atraco subir os impostos, hai uns meses algún partido xustificaba que subise un IVE dous puntos, que é o imposto máis inxusto que existe, o IVE que pagamos todos no pan, no leite, no aceite, na carne no pescado, pagamos un 2% máis de IVE por unha suba liñal do Goberno Central e non vin a ninguén protestar por ese tema, e é a subida máis inxusta porque é un imposto que paga exactamente igual o que gaña 100 € ca o que gaña 100.000 € que lles custa exactamente o mesmo unha barra de pan, ese di é un imposto inxusto, entón non podemos ter ese dobre raseiro, non podemos dicir que para salvar a situación de España fai falta subir o IVE subir determinados impostos dos carburantes, subir a bombona do gas butano e sen embargo anular unha bonificación que se estableceu nun momento determinado e que é unha excepción en toda España sexa unha irresponsabilidade. Tamén é certo que tiñamos cartos no caixón, dous millóns oitocentos mil e cantos temos hoxe, menos cento vinte mil. Temos aforro negativo, debemos diñeiro dos aforros, gastamos o que tiñamos e o que non tiñamos e iso témolo que pagar e neste exercicio do 2012 temos que pechar con ese beneficio para poder cadrar as contas senón as contas soas non cadran, non temos como cadralas, hai que cadralas con números, e senón non saen os números é materialmente imposible, eu estou convencido, e sei que a política é así, de que moitos dos que estamos aquí de forma particular opinan outra cousa e de forma común votan diferente. Estou convencido e sei que moitos saben da necesidade de tomar esta medida. Con respecto á ponencia de valores eu creo que non debemos cometer os mesmos erros, eu podo garantir que o Plan Xeral vai en bo camiño, podo garantir que vai ser unha realidade nun prazo de tempo o máis curto posible e razoable, porque estamos traballando para conseguilo no prazo de tempo máis curto posible, pero non cometamos os mesmos erros que no pasado a ponencia de valores non é a solución a este problema Sr. Magariños, ogallá estea vostede, estea eu, estea esta Corporación para debater ese asunto pero iso vai ser outra vez unha parte do problema, así o foi no resto dos 315 concellos de Galicia, entón é o gran cabalo de batalla é o gran problema e aí é onde hai que presionar, pero non vai ser a gusto de todos, e a nova ponencia de valores que se faga na Estrada tan pronto se aprobe o plan xeral que se vai aprobar, a nova ponencia de valores non vai beneficiar aos veciños, vai supoñer un incremento aínda maior porque imos ter máis parcelas edificables e máis parcelas en núcleos urbanizables e solo urbano consolidado e outros tipos de solo e os valores vanse actualizar dende o ano 1997 ao ano 2011 e ese é un problema que temos latente aí pero que ao final imos ter que acometer cando se aprobe o plan xeral, porque non facemos a nova ponencia de valores, pois sabémolo todos, porque o Catastro ata que haxa un cambio na clasificación do solo substancial non acomete unha reforma integral, de feito chegounos nos últimos días unha ponencia de valores para os solos da ampliación do Polígono de Toedo e para os solos da Cidade do Moble que teñen un plan parcial aprobado, teñen unha clasificación do solo e o Catastro xa está traballando nesa nova ponencia de valores, por que hai unha alteración da cualificación do solo, pero dende logo agora é o momento. Non é certo que se faga un incremento do 60% dos recibos, non é certo, anulamos unha bonificación, é radicalmente falso que haxa un incremento do 60%, se facemos unha bonificación do 37% e anulamos a bonificación o incremento é do 37% inevitablemente, o que non se pode facer é dicir temos unha bonificación, bonificamos o 37% e o 67% do restante, ese é o cálculo de retorcer as cifras pero o recibo e ademais, por favor vullle dicir e xa remato, que é moi fácil calculalo, non fai falta calcular o recibo do ano que vén, xa vén no recibo deste ano, e calcule e faga ese cálculo da bonificación establecida sobre o recibo total e é o 37%, porque senón a bonificación está mal feita, estarlle bonificando o 60% é imposible, entón é a forma de retorcer as cifras e dende logo eu creo que o que hai é que intentar facer as cousas con certo sentido común. O que eu creo xa en definitiva é que é realmente complicado nesta vida é sorber e soprar ao mesmo tempo, iso é totalmente imposible, polo tanto o que non podemos facer é incrementar os investimentos, aprobar o plan xeral, desenvolver un proxecto futuro para A Estrada, ter menos ingresos e por riba seguir mantendo os servizos, é imposible, hai que cadrar as contas e este é o momento, un esforzo por parte de todos e tentar conseguilo, polo tanto eu par finalizar agradezo expresamente e publicamente o ton utilizado polos voceiros dos partidos da oposición, creo que tiveron unha postura construtiva, e eu creo que así con diálogos se pode chegar a acordos, neste caso dóeme moito non poder chegar a eles pero é

*o que A Estrada necesita e por responsabilidade estou convencido de que nos gustaría aquí hoxe para falar da aprobación do plan xeral pero hoxe toca falar doutra cousa e moi pronto agardo falar do plan xeral que será un paso adiante para todos os veciños da Estrada. Non se abriu o debate, non hai alusións señora Louzao, o tema está suficientemente debatido, o que podemos someter a votación este punto da orde do día.*

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta por maioría de once votos a favor (PP) e nove en contra (PSdeG- PSOE e BNG)

**ACORDAMOS:**

Modificar nos seguintes termos, a ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles:

1º.- Queda suprimida a Disposición Adicional Transitoria aprobada na sesión plenaria do 9 de agosto de 2004.

2º.- Suprímese o parágrafo 5 do artigo 9º, cuxos tres últimos parágrafos 6, 7 e 8, pasan a ter os números 5, 6 e 7 respectivamente.

A presente modificación empezará a rexer dende o 1 de xaneiro de 2012.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras, levántase a sesión ás vinte e dúas horas.

A Estrada, 13 de outubro de 2011  
O secretario en funcións

Asdo.: Rogelio A. Carrera Ares